

Área de RRHH
e Formación



CONCELLO
DE VIGO

ÓRGANO DE SELECCIÓN (TRIBUNAL 3) DA OEP - ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE VIGO POLO PROCEDIMENTO CONCURSO

ANUNCIO

- **Resolución das RECLAMACIÓNS presentadas polos/as aspirantes aos PROCESOS nº 41, 42 e 43.**
 - 41. AXUDANTE MANTEMENTO DEPORTES- LABORAL FIXO - E (Expte. 43795/220): Data publicación do anuncio 09/12/2024.**
 - 42. ORDENANZA PORTEIRO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA- E (Exp 43796-220): Data publicación do anuncio 09/12/2024.**
 - 43. AXUDANTE MANTEMENTO - LABORAL FIXO - E (Exp 43797-220): Data publicación do anuncio 09/12/2024.**

Comunicase aos/ás aspirantes que contra a desestimación das reclamacións poderase interpoñer recurso de alzada perante a Xunta de Goberno Local no prazo de un mes contado a partir do seguinte a esta publicación.

O Órgano de Selección (Tribunal 3) da O. E. P- Estabilización de Emprego Temporal do Concello de Vigo polo procedemento concurso, polos motivos expostos no Informe Xurídico emitido pola Secretaria do Tribunal, adoptou nas sesións celebradas en datas 16 e 17 de decembro de 2024 os seguintes

ACORDOS:

- **BALSEIRO RODRÍGUEZ, D. (DNI ***2974**):**

Reclamación ao Proceso nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO - LABORAL FIXO - E (Exp. 43797-220), Doc. nº 240385277, data presentación 09/12/2024.

- Alega: Manifesta que non se lle puntuaron tódolos servizos prestados en Vigo (mérito profesional) segundo constan na declaración xurada presentada coa súa instancia.
 - Motivación do acordo: Desestimación MOTIVOS 1º-3º.
- Na declaración xurada presentada en data 12/03/2024, o aspirante declarou ter prestados servizos no Concello de Vigo: 24 meses como Axudante de Oficinos e tamén declarou ter prestado servizos como operario peón e oficial de instalacións municipais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 1 de 18
44806-220	CSV: A4ADC2-588F36-D2D2CF-WX2JXP-DE6EZM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O órgano de selección a efectos de comprobar a veracidade dos datos contidos nas declaracións xuradas dos aspirantes, acordou solicitar á Área de RRHH que certificase os servizos prestados no Concello de Vigo con relación aos aspirantes participantes en todos os procesos encomendados ao Tribunal nº 3 que tiveran acreditado os servizos prestados mediante declaración xurada-responsable.

Deste xeito mediante certificación de RRHH de data 25/11/2024, obrante no Exp. 45609-220, conséntase que Balseiro Rodríguez só ten prestado servizos como Axudante de Oficios do 06/05/2013 ao 05/11/2013 (6 meses): $6 \text{ meses} \times 0,60 = 3,60$ puntos polo mérito profesional servizos prestados en Vigo.

Considerando que a guía de funcións deste Concello equipara as funcións de Axudante de Oficios ás de Axudante de Mantemento, o Órgano de Selección acordou puntuar os traballos prestados como Axudante de Oficios a todos /as aspirantes participantes no Proceso nº 43.

- Acordo: Desestimar a reclamación presentada por BALSEIRO RODRÍGUEZ, D. (DNI ***2974**), con Doc. nº 240385277, data presentación 09/12/2024.

Reclamación ao Proceso nº 42 ORDENANZA PORTEIRO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA- E (Exp. 43796-220), Doc. nº 240385274, data presentación 09/12/2024.

- Alega: Manifesta que non se lle puntuaron tódolos servizos prestados en Vigo (mérito profesional) segundo constan na declaración xurada presentada coa súa instancia. Reclama tamén puntuación polo mérito académico, procesos selectivos superados.

- Motivación do acordo: Desestimación MOTIVOS 1º-3º-8º.

Na declaración xurada presentada en data 12/03/2024, o aspirante declarou ter prestados servizos no Concello de Vigo: 24 meses como Axudante de Oficios e tamén declarou ter prestado servizos como operario peón e oficial de instalacións municipais.

O órgano de selección a efectos de comprobar a veracidade dos datos contidos nas declaracións xuradas dos aspirantes, acordou solicitar á Área de RRHH que certificase os servizos prestados no Concello de Vigo con relación aos aspirantes participantes en todos os procesos encomendados ao Tribunal nº 3 que tiveran acreditado os servizos prestados mediante declaración xurada-responsable.

Deste xeito mediante certificación de RRHH de data 25/11/2024, obrante no Exp. 45609-220, conséntase que Balseiro Rodríguez non ten prestado servizos como Ordenanza Porteiro polo que correspóndelle **0 puntos** polo mérito profesional servizos prestados en Vigo no proceso 42.

Tampouco deberá concedérselle puntuación por procesos selectivos (mérito académico) ao non ter superado procesos selectivos como Ordenanza porteiro.

- Acordo: Desestimar a reclamación presentada por BALSEIRO RODRÍGUEZ, D. (DNI ***2974**), con Doc. nº 240385274, data presentación 09/12/2024.

- **VIÑAS HERNÁNDEZ, S (DNI ***5919**):**

Reclamación ao Proceso nº 41 AXUDANTE MANTEMENTO DEPORTES- LABORAL FIXO - E (Exp. 43795/220), Doc. nº 240385479, data presentación 10/12/2024.

- Alega: Os postos de traballo Axudante de Mantemento Deportes (código 618) e Axudante de Mantemento (código 270) son dous postos de traballo diferentes, e non cabe valorar no proceso 41 os servizos prestados no Concello de Vigo como Axudante de Mantemento. Manifesta que a RPT do Concello, pese a que ambos postos pertencen ao grupo E, os diferencia e lles atribúe C. E diferentes, C. E 858 (AMD) e C. E 550 (AM) e a guía de función de 26/06/2020 tamén lles atribúe funcións distintas.

Manifesta que tódolos traballadores de sentenza xudicial St. Xdo. Social nº 2 de Vigo 534/2012, de 28/09/2012; St. Xdo. Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013; St do TSX de Galicia 1851/2013, son Axudantes de Mantemento e non cabe concederlles puntuación por servizos prestados en Vigo no proceso 41.

- Acordo: Estimar a reclamación presentada por VIÑAS HERNÁNDEZ, S (DNI ***5919**), con Doc. nº 240385479, data presentación 10/12/2024. Outórgase acceso ao expediente solicitado.

- **VILA ARAGUNDE, S. (DNI ***2323**):**

Reclamación ao Proceso nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO - LABORAL FIXO - E (Exp 43797-220), Doc. nº 240385852, data presentación 10/12/2024.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 2 de 18
44806-220	CSV: A4ADC2-588F36-D2D2CF-WX2JXP-DE6EZM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Alega: Manifesta que non se lle puntuaron os servizos prestados en Vigo como Axudante de Mantemento (mérito profesional), segundo constan na declaración xurada presentada coa súa instancia (declara 162 meses- 60 puntos). Reclama que se lle conceda esa puntuación xa que ocupa o posto con categoría axudante de mantemento dende o 23/08/2010. Manifesta que ten recoñecida esa condición por sentenza xudicial St. Xdo. Social nº 2 de Vigo 534/2012, de 28/09/2012; St. Xdo. Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013; St do TSX de Galicia 1851/2013, sendo traballadora do IMD dende o 23/08/2010 e do Concello de Vigo dende o 01/01/2016.

- Motivación do acordo: Estimar reclamación Motivo 1º-3º.

A Sentenza ditada polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013, declara feitos probados que Sonia Vila Aragunde prestou servizos no IMD do Concello de Vigo coa categoría de Auxiliar de Mantemento e a seguinte antigüidade: 23/08/2010.

- Acordo: Estimar a reclamación presentada por VILA ARAGUNDE, S. (DNI ***2323**), con Doc. nº 240385852, data presentación 10/12/2024, outorgándolle 60 puntos por servizos prestados en Vigo (mérito profesional) na categoría de axudante de mantemento antigüidade: 23/08/2010. Total: 100 puntos. Outórgase acceso ao expediente solicitado.

- **RIAL SANROMAN, M (DNI ***5177**):**

Reclamación ao Proceso nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO - LABORAL FIXO - E (Exp. 43797-220) , Doc. nº 240385964, data presentación 10/12/2024.

- Alega: Manifesta que non se lle puntuaron os servizos prestados en Vigo como Axudante de Mantemento (mérito profesional), segundo constan na declaración xurada presentada coa súa instancia (declara antigüidade dende o 27/08/2007 - 60 puntos). Reclama que se lle conceda esa puntuación xa que ocupa o posto con categoría axudante de mantemento dende o 27/08/2007 ata a actualidade. Manifesta que ten recoñecida esa condición por sentenza xudicial St. Xdo Social nº 2 de Vigo 534/2012, de 28/09/2012; St. Xdo Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013; St do TSX de Galicia 1851/2013, sendo traballador do IMD dende o 27/08/2007 e do Concello de Vigo dende o 01/01/2016.

- Motivación do acordo: Estimar reclamación Motivo 1º-3º.

O tribunal concedeulle erroneamente 58,80 puntos por 98 meses traballados cando a Sentenza ditada polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013, declara feitos probados que Rial Sanromán M. prestou servizos no IMD do Concello de Vigo coa categoría de Auxiliar de Mantemento e a seguinte antigüidade: 27/08/2007.

- Acordo: Estimar a reclamación presentada por RIAL SANROMAN, M (DNI ***5177**), con Doc. nº 240385964, data presentación 10/12/2024, outorgándolle 60 puntos por servizos prestados en Vigo (mérito profesional) na categoría de axudante de mantemento antigüidade: 27/08/2007. Total: 100 puntos. Outórgase acceso ao expediente solicitado.

- **TEIXEIRA RODRÍGUEZ, A (DNI ***2556**):**

Reclamación ao Proceso nº 41 AXUDANTE MANTEMENTO DEPORTES - LABORAL FIXO - E (Exp. 43795/220), Doc. nº 240385461, data presentación 10/12/2024.

- Alega: Manifesta que non se lle puntuaron correctamente os servizos prestados en Vigo no proceso 41.

O tribunal recoñeceu 137 meses de servizos prestados (60 puntos) cando manifesta ter 174 meses de servizos. Declara unha antigüidade dende o 05/10/2009 – reclama 60 puntos por 174 meses de servizos na categoría de Auxiliar de Mantemento. Reclama que se lle conceda esa puntuación xa que ocupa o posto con categoría axudante de mantemento dende o 05/10/2009 ata a actualidade. Manifesta que ten recoñecida esa condición por sentenza xudicial St. Xdo Social nº 2 de Vigo 534/2012, de 28/09/2012; St. Xdo Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013; St do TSX de Galicia 1851/2013, sendo traballador do IMD dende o 05/10/2009 e do Concello de Vigo dende o 01/01/2016.

- Motivación da Proposta: Desestimar reclamación Motivo 1º-3º.

Procede retirar a este aspirante os 60 puntos asignados no proceso 41 por canto tense acreditada coas sentenzas que achega que prestou servizos no concello de Vigo con categoría de auxiliar de mantemento e por tanto, ese mérito profesional debe valorarse no proceso 43.

Por tanto a puntuación no Proceso 41 quedará do seguinte xeito:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 3 de 18
44806-220	CSV: A4ADC2-588F36-D2D2CF-WX2JXP-DE6EZM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZOS PRESTADOS NO CONCELLO VIGO E O.A	SERVIZOS PRESTADOS NOUTRAS ADM. PÚBLICAS	TOTAL MÉRITOS PROFES.	TITULAC ACADEM. OFICIAL SUP. AO NIVEL	CURSOS	SUPERAR PROCESO SELECTIVO SEN PRAZA	TOTAL MÉRITOS ACADEM.	TOTAL MP+MA	CELGA
TEIXEIRA RODRÍGUEZ, A (DNI ***2556**)	0	0	0	10	40	0	40	40	si

Reclamación ao Proceso nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO - LABORAL FIXO - E (Exp. 43797-220),
Doc. nº 240385461, data presentación 10/12/2024.

- Alega: Manifesta que non se lle puntuaron os servizos prestados en Vigo como Axudante de Mantemento (mérito profesional), declara antigüidade dende o 05/10/2009 – reclama 60 puntos por 174 meses de servizos na categoría de Auxiliar de Mantemento. Reclama que se lle conceda esa puntuación xa que ocupa o posto con categoría axudante de mantemento dende o 05/10/2009 ata a actualidade. Manifesta que ten recoñecida esa condición por sentenza xudicial St. Xdo Social nº 2 de Vigo 534/2012, de 28/09/2012; St. Xdo Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013; St do TSX de Galicia 1851/2013, sendo traballador do IMD dende o 05/10/2009 e do Concello de Vigo dende o 01/01/2016.

- Motivación da Proposta: Estimar reclamación Motivo 1º-3º.

O tribunal concedeulle erroneamente 58,80 puntos por 98 meses traballados cando a Sentenza ditada polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013, declara feitos probados que Teixeira Rodríguez prestou servizos no IMD do Concello de Vigo coa categoría de Auxiliar de Mantemento e a seguinte antigüidade: 05/10/2009.

- Proposta: Estimar a reclamación presentada por TEIXEIRA RODRÍGUEZ, A (DNI ***2556**), con Doc. nº 240385461, data presentación 10/12/2024, outorgándolle 60 puntos por servizos prestados en Vigo (mérito profesional) na categoría de axudante de mantemento antigüidade: 05/10/2009. Total: 100 puntos. Outórgase acceso ao expediente solicitado.

• **GARCÍA RECAMÁN, A (DNI ***4786**):**

Reclamacións ao Proceso nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO - LABORAL FIXO - E (Exp. 43797-220),
Doc. nº 240385864, data presentación 10/12/2024; Docs. nº 240387174-240387175 de 11/12/2024; Doc. nº 240387815 de 12/12/2024.

- Alega: Considera que non se lle puntuaron correctamente os méritos profesionais e o mérito académico, superar procesos selectivos sen praza.

- Motivación da proposta: Desestimación MOTIVO 1º- 3º- 4º- 8º.

- Acordo: Desestimar a reclamación presentada por GARCÍA RECAMÁN, A (DNI ***4786**), con Doc. nº 240385864, data presentación 10/12/2024; Docs. nº 240387174-240387175 de 11/12/2024; Doc. nº 240387815 de 12/12/2024.

• **VIEIRA PARADA, A. B (DNI ***3435**):**

Reclamación ao Proceso nº 42 ORDENANZA PORTEIRO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA- E (Exp. 43796-220), Doc. nº 240385391, data presentación 10/12/2024.

- Alega: Solicita que se lle puntúe o mérito profesional, servizos prestados no Concello de Vigo e mailo mérito académico, superar procesos selectivos sen praza. Achega certificación de 21/06/2024.

- Motivación da proposta: Desestimación MOTIVO 1º-2º-8º.

Vieira Parada unicamente achegou coa instancia en data 04/03/2024, unha relación de méritos pero non os acreditou conforme esixen as Bases que son a Lei do concurso. Este criterio do Órgano de selección ten sido aplicado a todos os aspirantes participantes en todos os procesos encomendados ao Tribunal 3.

A certificación de 21/06/2024 para acreditar servizos prestados no Concello de Vigo, que achega neste intre procedemental, resulta extemporánea

- Acordo: Desestimar a reclamación presentada por VIEIRA PARADA, A. B (DNI ***3435**), Doc. nº 240385391, data presentación 10/12/2024.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 4 de 18
44806-220	CSV: A4ADC2-588F36-D2D2CF-WX2JXP-DE6EZM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- **SANTIBAÑEZ PASCUAL, M. A (DNI ***3312**):**

Reclamación ao Proceso nº 41 AXUDANTE MANTEMENTO DEPORTES- LABORAL FIXO - E (Exp. 43795/220), Doc. nº 240385561, data presentación 10/12/2024.

- Alega: Manifesta que non se lle puntuaron correctamente os servizos prestados en Vigo no proceso 41. O tribunal recoñeceu 145 meses de servizos prestados (60 puntos) cando manifesta ter 160 meses de servizos. Declara unha antigüidade dende o 08/09/2011 – reclama 60 puntos por 160 meses de servizos na categoría de Auxiliar de Mantemento. Reclama que se lle conceda esa puntuación xa que ocupa o posto con categoría axudante de mantemento dende o 08/09/2011 ata a actualidade. Manifesta que ten recoñecida esa condición por sentenza xudicial St. Xdo Social nº 2 de Vigo 534/2012, de 28/09/2012; St. Xdo Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013; St do TSX de Galicia 1851/2013, sendo traballador do IMD dende o 08/09/2011 e do Concello de Vigo dende o 01/01/2016.

- Motivación do acordo: Desestimar reclamación Motivo 1º-3º.

Procede retirar a este aspirante os 60 puntos asignados no proceso 41 por canto tense acreditado coas sentenzas que achega que prestou servizos no concello de Vigo con categoría de auxiliar de mantemento e por tanto, ese mérito profesional debe valorarse no proceso 43.

Por tanto a puntuación no Proceso 41 quedará do seguinte xeito:

ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZOS PRESTADOS NO CONCELLO VIGO E O.A	SERVIZOS PRESTADOS NOUTRAS ADM. PÚBLICAS	TOTAL MÉRITOS PROFES.	TITULAC ACADEM. OFICIAL SUP. AO NIVEL	CURSOS	SUPERAR PROCESO SELECTIVO SEN PRAZA	TOTAL MÉRITOS ACADEM.	TOTAL MP+MA	CELGA
SANTIBAÑEZ PASCUAL (DNI ***3312**)	0	0	0	5	40	0	40	40	no

Reclamación ao Proceso nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO - LABORAL FIXO - E (Exp. 43797-220) , Doc. nº 240385561, data presentación 10/12/2024.

- Alega: Manifesta que non se lle puntuaron os servizos prestados en Vigo como Axudante de Mantemento (mérito profesional), declara antigüidade dende o 08/09/2011 – reclama 60 puntos por 160 meses de servizos na categoría de Auxiliar de Mantemento. Reclama que se lle conceda esa puntuación xa que ocupa o posto con categoría axudante de mantemento dende o 08/09/2011 ata a actualidade. Manifesta que ten recoñecida esa condición por sentenza xudicial St. Xdo Social nº 2 de Vigo 534/2012, de 28/09/2012; St. Xdo Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013; St do TSX de Galicia 1851/2013, sendo traballador do IMD dende o 08/09/2011 e do Concello de Vigo dende o 01/01/2016.

- Motivación da acordo: Estimar reclamación Motivo 1º-3º.

O tribunal concedeulle erroneamente 0 puntos cando a Sentenza ditada polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013, declara feitos probados que Santibáñez Pascual prestou servizos no IMD do Concello de Vigo coa categoría de Auxiliar de Mantemento e a seguinte antigüidade: 08/09/2011.

- Acordo: Estimar a reclamación presentada por SANTIBAÑEZ PASCUAL, M. A (DNI ***3312**), con Doc. nº 240385561, data presentación 10/12/2024, outorgándolle 60 puntos por servizos prestados en Vigo (mérito profesional) na categoría de axudante de mantemento antigüidade: 08/09/2011. Total: 100 puntos. Outórgase acceso ao expediente solicitado.

- **IGLESIAS ABALDE, A (DNI ***7575**):**

Reclamación ao Proceso nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO - LABORAL FIXO - E (Exp 43797-220) , Doc. nº 240385906, data presentación 10/12/2024.

- Alega: Manifesta que non se lle puntuaron correctamente os servizos prestados en Vigo como Axudante de Mantemento (mérito profesional), declara antigüidade dende o 07/09/2011 - reclama 60 puntos. Reclama que se lle conceda esa puntuación xa que ocupa o posto con categoría axudante de mantemento dende o 07/09/2011 ata a actualidade. Manifesta que ten recoñecida esa condición por sentenza xudicial St. Xdo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 5 de 18
44806-220	CSV: A4ADC2-588F36-D2D2CF-WX2JXP-DE6EZM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Social nº 2 de Vigo 534/2012, de 28/09/2012; St. Xdo Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013; St do TSX de Galicia 1851/2013, sendo traballador do IMD dende o 07/09/2011 e do Concello de Vigo dende o 01/01/2016.

Asemade, considera que se lle puntuaron mal os cursos de formación (mérito académico), entende que debe ter 40 puntos por este mérito, non 28,60 puntos tal e como lle concedeu o tribunal.

- Motivación da Acordo: Estimar reclamación Motivo 1º-3º.

O tribunal concedeulle erroneamente 58,80 puntos (por 98 meses traballados) cando a Sentenza ditada polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013, declara feitos probados que Iglesias Abalde prestou servizos no IMD do Concello de Vigo coa categoría de Auxiliar de Mantemento e a seguinte antigüidade: 07/09/2011.

Con relación ao mérito académico, cursos de formación, deberá puntuarse a acción formativa do Concello de Vigo (22 horas x 1,30 = 28,60 puntos) mailo curso impartido por Quirónprevención para os traballadores do Concello de Vigo en cumprimento do disposto no art. 19 da Lai 31/1995 de Prevención de riscos laborais de 8 horas (10,40 puntos), total 39 puntos polo mérito académico cursos de formación.

- Acordo: Estimar a reclamación presentada por IGLESIAS ABALDE, A (DNI ***7575**), con Doc. nº 240385906, data presentación 10/12/2024, outorgándolle 60 puntos por servizos prestados no Concello de Vigo (mérito profesional) na categoría de axudante de mantemento antigüidade: 07/09/2011. E concederlle 39 puntos polo mérito académico cursos de formación.

ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZOS PRESTADOS NO CONCELLO VIGO E O.A	SERVIZOS PRESTADOS NOUTRAS ADM. PÚBLICAS	TOTAL MÉRITOS PROFES.	TITULAC ACADEM. OFICIAL SUP. AO NIVEL	CURSOS	SUPERAR PROCESO SELECTIVO SEN PRAZA	TOTAL MÉRITOS ACADEM.	TOTAL MP+MA	CELGA
IGLESIAS ABALDE (DNI ***7575**)	60	0	60	5	39	0	40	100	no

- **BASTOS VILLAR, P (DNI ***7157**):**

Reclamacións ao Proceso nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO - LABORAL FIXO - E (Exp. 43797-220) ,
Docs. nº 240386373-240386366, data presentación 10/12/2024.

- Alega: Solicita que se lle valoren os servizos prestados no Concello de Vigo como operario peón e como vixiante de instalacións municipais por pertencer ambos postos de traballo ao grupo E.

- Motivación da Proposta: Desestimar reclamación Motivo 1º-3º.

O tribunal concedeu a este aspirante 52,20 puntos por 87 meses traballados como axudante mantemento no Concello de Vigo

- Acordo: Desestimar a reclamación presentada por BASTOS VILLAR, P (DNI ***7157**), con Docs. nº 240386373-240386366, data presentación 10/12/2024.

- **PUJOL LIMA, J.M (DNI ***8462**):**

Reclamacións ao Proceso nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO - LABORAL FIXO - E (Exp. 43797-220) ,
Docs. Nº 240386957, data presentación 11/12/2024.

- Alega: Solicita que se lle recoñeza unha antigüidade nos servizos prestados no Concello de Vigo como auxiliar de mantemento dende o 09/01/2012. Achega coa reclamación, certificación de RRHH de 15/06/2023 que acredita dita antigüidade e mais servizos como Axudante de mantemento durante 11 anos, 2 meses e 25 días. Reclama que se lle conceda esa puntuación e maila antigüidade (60 puntos). Manifesta que ten recoñecida esa condición por sentenza xudicial St. Xdo Social nº 2 de Vigo 534/2012, de 28/09/2012; St. Xdo Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013; St do TSX de Galicia 1851/2013, sendo traballador do IMD dende o 09/01/2011.

- Motivación da Proposta: Estimar reclamación Motivo 1º-2º-3º.

O tribunal concedeulle erroneamente 52,20 puntos (por 87 meses traballados) cando a Sentenza ditada polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013, declara feitos probados que Pujol Lima prestou servizos no IMD do Concello de Vigo coa categoría de Auxiliar de Mantemento e a seguinte antigüidade: 09/01/2012.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 6 de 18
44806-220	CSV: A4ADC2-588F36-D2D2CF-WX2JXP-DE6EZM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Acordo: Estimar a reclamación presentada por PUJOL LIMA, J.M (DNI ***8462**), con Doc. nº 240386957, data presentación 11/12/2024, outorgándolle 60 puntos por servizos prestados no Concello de Vigo (mérito profesional) na categoría de axudante de mantemento antigüidade: 09/01/2012.

• **CASTRO MARCOTE, J (DNI ***8601**):**

Reclamación ao Proceso nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO - LABORAL FIXO - E (Exp. 43797-220) , Doc. Nº 240387053, data presentación 11/12/2024.

- Alega: Solicita que se lle recoñeza unha antigüidade nos servizos prestados no Concello de Vigo como auxiliar de mantemento dende o 24/06/2010. Reclama que se lle conceda 60 puntos e maila antigüidade. Manifesta que ten recoñecida esa condición por sentenza xudicial St. Xdo Social nº 2 de Vigo 534/2012, de 28/09/2012; St. Xdo Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013; St do TSX de Galicia 1851/2013, sendo traballador do IMD dende o 24/06/2010.

- Motivación da Proposta: Estimar reclamación Motivo 1º-2º-3º.

O tribunal concedeulle erroneamente 58,80 puntos (por 98 meses traballados) cando a Sentenza ditada polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013, declara feitos probados que Castro Marcote prestou servizos no IMD do Concello de Vigo coa categoría de Auxiliar de Mantemento e a seguinte antigüidade: 24/06/2010.

- Acordo: Estimar a reclamación presentada por CASTRO MARCOTE, J (DNI ***8601**), con Doc. nº Doc. Nº 240387053, data presentación 11/12/2024, outorgándolle 60 puntos por servizos prestados no Concello de Vigo (mérito profesional) na categoría de axudante de mantemento antigüidade: 24/06/2010.

• **ROMÁN VÁZQUEZ, M. F (DNI ***0881**):**

Reclamación ao Proceso nº 41 AXUDANTE MANTEMENTO DEPORTES- LABORAL FIXO - E (Exp. 43795/220), Doc. nº 240386960, data presentación 11/12/2024.

- Alega: Solicita que se lle concedan 5 puntos polo mérito académico proceso selectivo superado. Tamén solicita revisión xeral das puntuacións de todos os aspirantes por canto tense valorado no proceso 41 servizos prestados como auxiliar mantemento no Concello de Vigo a aspirantes que teñen categoría de Axudantes Mantemento recoñecida esa condición por sentenza xudicial St. Xdo Social nº 2 de Vigo 534/2012, de 28/09/2012; St. Xdo Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013; St do TSX de Galicia 1851/2013.

- Motivación da Proposta: Desestimar reclamación no que respecta á puntuación do mérito académico: MOTIVO 1º- 8º.

O aspirante presentou declaración xurada en data 05/03/2024 declarando ter superado un proceso selectivo de oficial mantemento deportes e outro, de auxiliar mantemento no IMD (data convocatoria BOPPO 22-02-2011). Constátase que no BOPPO nº 36, de 26/02/2011, publicábanse as bases que tiñan por obxecto regular a provisión, con carácter laboral temporal interino, de tres prazas de axudantes de mantemento do IMD, no caso de que se cubriesen por promoción interna unha praza de oficial de mantemento e dúas de oficiais de instalacións, vacantes na Relación de Postos de Tránsito do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo (IMD). Non se trata pois, dun proceso selectivo de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do concello de Vigo ou dos seus Organismos Autónomos que poida ser puntuado segundo establecen as bases da convocatoria.

- Acordo: Desestimar reclamación presentada por ROMÁN VÁZQUEZ, M. F (DNI ***0881**), Doc. nº 240386960, data presentación 11/12/2024, no que respecta á puntuación do mérito académico (proceso selectivo), estimándoa no que respecta á solicitude de revisión das puntuacións dos méritos profesionais, servizos no concello de Vigo, de todos os aspirantes.

• **CABEZAS TORRES, E. J (DNI ***9873**):**

Reclamación ao Proceso nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO - LABORAL FIXO - E (Exp. 43797-220) , Doc. Nº 240387001, data presentación 11/12/2024.

- Alega: Solicita que se lle conceda puntuación polo mérito profesional, servizos prestados no Concello de Vigo. Considera que coa solicitude de participación no concurso non había que acreditarlos mesmos, sendo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 7 de 18
44806-220	CSV: A4ADC2-588F36-D2D2CF-WX2JXP-DE6EZM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

suficiente con presentar solicitude. Achega extemporaneamente coa reclamación en data 11/12/2024, certificación de RRHH de 20/03/2024 relativa aos servizos prestados no Concello de Vigo.

- Motivación da Proposta: Desestimar reclamación, MOTIVO 1º- 2º.

- Acordo: Desestimar reclamación presentada por CABEZAS TORRES, E. J (DNI ***9873**), Doc. nº 240387001, data presentación 11/12/2024.

• **GARCÍA ÁLVAREZ, F (DNI ***0471**):**

Reclamación ao Proceso nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO - LABORAL FIXO - E (Exp. 43797-220) , Doc. Nº 240387088, data presentación 11/12/2024.

- Alega: Solicita que se lle concedan 60 puntos polo mérito profesional, servizos prestados no Concello de Vigo e se lle recoñeza unha antigüidade nos servizos prestados como axudante de mantemento dende o 01/05/2011. Manifesta que ten recoñecida esa condición por sentenza xudicial St. Xdo Social nº 2 de Vigo 534/2012, de 28/09/2012; St. Xdo Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013; St do TSX de Galicia 1851/2013, sendo traballador do IMD dende o 01/05/2011.

- Motivación da Proposta: Estimar reclamación Motivo 1º-2º-3º.

O tribunal concedeulle erroneamente 58,80 puntos (por 98 meses traballados) cando a Sentenza ditada polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013, declara feitos probados que García Álvarez prestou servizos no IMD do Concello de Vigo coa categoría de Auxiliar de Mantemento e a seguinte antigüidade: 01/05/2011.

- Acordo: Estimar a reclamación presentada por GARCÍA ÁLVAREZ, F (DNI ***0471**), con Doc. nº 240387088, data presentación 11/12/2024, outorgándolle no proceso nº 43 de axudante mantemento 60 puntos por servizos prestados no Concello de Vigo (mérito profesional), antigüidade: 01/05/2011.

Consecuentemente, retirar a puntuación que lle había sido concedida (21,60 puntos) no proceso 41 (AUXILIAR MANTEMENTO DEPORTES), pasando a ter 0 puntos por servizos prestados en Vigo.

Proceso 41 AUXILIAR MANTEMENTO DEPORTES

ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZOS PRESTADOS NO CONCELLO VIGO E O.A	SERVIZOS PRESTADOS NOUTRAS ADM. PÚBLICAS	TOTAL MÉRITOS PROFES.	TITULAC ACADEM. OFICIAL SUP. AO NIVEL	CURSOS	SUPERAR PROCESO SELECTIVO SEN PRAZA	TOTAL MÉRITOS ACADEM.	TOTAL MP+MA	CELGA 2
GARCÍA ÁLVAREZ, F ***0471**	0	0	0	5	0	0	5	5	no

Proceso 43 AUXILIAR MANTEMENTO

ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZOS PRESTADOS NO CONCELLO VIGO E O.A	SERVIZOS PRESTADOS NOUTRAS ADM. PÚBLICAS	TOTAL MÉRITOS PROFES.	TITULAC ACADEM. OFICIAL SUP. AO NIVEL	CURSOS	SUPERAR PROCESO SELECTIVO SEN PRAZA	TOTAL MÉRITOS ACADEM.	TOTAL MP+MA	CELGA
GARCÍA ÁLVAREZ, F ***0471**	60	0	60	5	37,70	0	40	100	no

• **CERVIÑO PÉREZ, J. A(DNI ***1149**):**

Reclamación ao Proceso nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO - LABORAL FIXO - E (Exp. 43797-220) , Doc. Nº 240386702, data presentación 11/12/2024.

- Alega: Solicita que se lle concedan 60 puntos polo mérito profesional, servizos prestados no Concello de Vigo e se lle recoñeza unha antigüidade nos servizos prestados como axudante de mantemento dende o 01/10/2007. Manifesta que ten recoñecida esa condición por sentenza xudicial St. Xdo Social nº 2 de Vigo 534/2012, de 28/09/2012; St. Xdo Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013; St do TSX de Galicia 1851/2013, sendo traballador do IMD dende o 01/10/2007.

Asemade reclama que se lle concedan 15 puntos polo mérito académico titulacións académicas e 40 puntos por cursos de formación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 8 de 18
44806-220	CSV: A4ADC2-588F36-D2D2CF-WX2JXP-DE6EZM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Motivación da Proposta: Estimar reclamación Motivo 1º-2º-3º.
 O tribunal concedeulle erroneamente polo mérito profesional, servizos prestados no Concello de Vigo, 0 puntos cando a Sentenza ditada polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013, declara feitos probados que Cerviño Pérez prestou servizos no IMD do Concello de Vigo coa categoría de Auxiliar de Mantemento e a seguinte antigüidade: 01/10/2007, polo que procede concederlle 60 puntos polo mérito profesional, servizos prestados en Vigo.
 Revisada a puntuación cursos de formación, procede concederlle 6,50 puntos por curso de 5 horas por Coronavirus impartido polo Concello de Vigo. Asemade, acredita Graduado Escolar, FP1 e mais FP2, polo que proceden 15 puntos polo mérito académico titulacións oficiais.
 - Acordo: Dar acceso ao expediente e Estimar parcialmente a reclamación presentada por CERVIÑO PÉREZ, J. A.(DNI ***1149**), Doc. Nº 240386702, data presentación 11/12/2024, quedando a súa puntuación do seguinte xeito:

Proceso 43 AUXILIAR MANTEMENTO

ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZOS PRESTADOS NO CONCELLO VIGO E O.A	SERVIZOS PRESTADOS NOUTRAS ADM. PÚBLICAS	TOTAL MÉRITOS PROFES.	TITULAC ACADEM. OFICIAL SUP. AO NIVEL	CURSOS	SUPERAR PROCESO SELECTIVO SEN PRAZA	TOTAL MÉRITOS ACADEM.	TOTAL MP+MA	CELGA
CERVIÑO PÉREZ, J. A (DNI ***1149**)	60	0	60	15	6,50	0	21,50	81,50	no

• **ALONSO COMESAÑA, M. J (DNI ***4204**):**

Reclamación ao Proceso nº 42 ORDENANZA PORTEIRO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA- E (Exp. 43796-220), Doc. nº 240386835, data presentación 11/12/2024.

-Alega: Solicita se lle concedan 5 puntos polo mérito académico procesos selectivos superados e manifesta que non se pode puntuar mais o mes traballado no Concello de Vigo que o mes traballado noutras Administracións.

- Motivación da Proposta: Desestimar reclamación Motivo 1º-8º.

- Acordo: Desestimar a reclamación presentada por ALONSO COMESAÑA, M. J (DNI ***4204**), Doc. Nº 240386835, data presentación 11/12/2024.

• **ALONSO VIDAL, T (DNI ***6403**):**

Reclamación ao Proceso nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO - LABORAL FIXO - E (Exp. 43797-220) , Doc. Nº 240387438, data presentación 11/12/2024.

-Alega: Solicita se lle valore o mérito profesional, servizos prestados no Concello de Vigo como Operario Peón, Vixiante Instalacións Municipais, (GRUPO- Agr. Prof. E). Achega certificación de 14/03/2024.

- Motivación da Proposta: Desestimar reclamación Motivo 1º- 3º.

- Acordo: Desestimar a reclamación presentada por ALONSO VIDAL, T (DNI ***6403**), Doc. Nº 240387438, data presentación 11/12/2024.

• **LÓPEZ DAVILA, D (DNI ***2461**):**

Reclamacións aos Procesos nº 41/41/43, Docs. Nº 240387405-240387399-240387402, data presentación 11/12/2024; Doc. Nº 240387584, data presentación 12/12/2024.

- Alega: Solicita revisión das súas puntuacións nos procesos nº 41/42/43 ao non estar conforme.

- Motivación da proposta: Revisada a puntuación que lle foi concedida nos Procesos nº 41/42/43 en base aos méritos alegados e acreditados polo aspirante, resultan correctas.

- Acordo: Desestimar as reclamacións presentadas por LÓPEZ DAVILA, D (DNI ***2461**), con docs. nº 240387405-240387399-240387402, data presentación 11/12/2024; Doc. Nº 240387584, data presentación 12/12/2024.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 9 de 18
44806-220	CSV: A4ADC2-588F36-D2D2CF-WX2JXP-DE6EZM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

• **ROMERO IGLESIAS, B (DNI ***4131**):**

Reclamación ao Proceso nº 41 AXUDANTE MANTEMENTO DEPORTES- LABORAL FIXO - E (Exp. 43795/220), Docs. nº 240387369-240387366, data presentación 11/12/2024.

- Alega: Solicita revisión da puntuación que lle foi concedida polo mérito profesional, servizos prestados no concello de Vigo, ao non estar conforme. Achega certificado de retencións IRPF exercicio 2009, contrato de traballo e vida laboral.

- Motivación da proposta: Desestimar motivos 1º-3º. Revisada a puntuación que lle foi concedida no Proceso nº 41 en base aos méritos alegados e acreditados polo aspirante, resulta correcta. Esta aspirante acredita ter traballado 31 meses como Limpadora que non cabe puntuar (MOTIVO 3ª)

- Acordo: Desestimar as reclamacións presentadas por ROMERO IGLESIAS, B (DNI ***4131**), con docs. nº 240387369-240387366, data presentación 11/12/2024.

• **FAJARDO FARIÑAS, J (DNI ***3040**):**

Reclamacións ao Proceso nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO - LABORAL FIXO - E (Exp. 43797-220), Docs. Nº 240387404-240387410, datas presentación 11/12/2024.

- Alega: Solicita revisión da puntuación que lle foi concedida polo mérito profesional, servizos prestados no concello de Vigo, ao non estar conforme. Solicita que se lle puntúen os servizos realizados no Concello de Moaña.

- Motivación da proposta: Desestimar motivos 1º- 3º- 4º. Revisada a puntuación que lle foi concedida no Proceso nº 43 en base aos méritos alegados e acreditados polo aspirante, resulta correcta. Este aspirante non acredita ter traballado no Concello de Vigo como axudante de mantemento polo que non cabe puntuar dito mérito profesional (MOTIVO 3ª). Tampouco cabe puntuar os servizos prestados no concello de Moaña ao ter sido prestados como Conserxe servizos múltiples. (MOTIVO 4º).

- Acordo: Desestimar as reclamacións presentadas por FAJARDO FARIÑAS, J (DNI ***3040**), con docs. Nº 240387404-240387410, datas presentación 11/12/2024.

• **GONZÁLEZ PEINADO, M. A (DNI ***2478**):**

Reclamación ao Proceso nº 42 ORDENANZA PORTEIRO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA- E (Exp. 43796-220), Doc. nº 240387403, data presentación 11/12/2024.

- Alega: Solicita que se lle conceda puntuación polos servizos prestados noutras Administracións Públicas, mérito profesional. Considera que os servizos prestados como celador no SERGAS deben ser puntuados xa que as funcións dun celador son análogas ás dun Ordenanza Porteiro segundo establece o Estatuto do Persoal non sanitario ao servizo das institucións sanitarias da seguridade social aprobado pola orde de 05/07/1971 (arts. 9 e 14). Solicita 16 meses x 0,30 = 4,80 puntos polo mérito profesional, servizos prestados noutras Administracións Públicas.

Asemade, solicita se lle asignen 5 puntos polo mérito académico titulación superior á esixida por ter superado as probas de acceso á Universidade ao ser equivalente ao título de bacharelato.

- Motivación da proposta: Desestimar parcialmente no que respecta á valoración dos servizos prestados como celador do SERGAS - MOTIVOS 1º- 4º . Estimar no que respecta ao mérito académico, titulacións superiores á esixida, por canto procede concederlle 5 puntos por ter aprobado o acceso para maiores á UNI, que resulta equivalente ao título de bacharelato.

Non cabe valorar os servizos prestados como celador xa que, aínda que ese posto e traballo teña funcións algunhas similares ás de Ordenanza Porteiro, outras funcións non se comparten tales como franqueo, ensobrado, clasificación, entrega, recollida, transporte e distribución de correspondencia e paquetería; manexo de fotocopiadoras, fax, encadernadoras e outras máquinas sinxelas de oficina, funcións propias dun Ordenanza Porteiro segundo a guía de funcións do Concello de Vigo de 26/06/2020.

- Acordo: Estimar parcialmente a reclamación presentada por GONZÁLEZ PEINADO, M. A (DNI ***2478**), Doc. nº 240387403, data presentación 11/12/2024, concedéndolle 5 puntos polo mérito académico posuír titulación superior á esixida. Desestimar devandita reclamación e todo o demais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 10 de 18
44806-220	CSV: A4ADC2-588F36-D2D2CF-WX2JXP-DE6EZM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- **RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, G (**5235**):**

Reclamación ao Proceso nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO - LABORAL FIXO - E (Exp. 43797-220) , Doc. Nº 240387762, data presentación 12/12/2024.

- Alega: Solicita revisión da puntuación que lle foi concedida polo mérito profesional, servizos prestados no concello de Vigo, ao non estar conforme. Achega vida laboral.

- Motivación da proposta: Desestimar - MOTIVOS 1º-3º.

Revisada a puntuación que lle foi concedida no Proceso nº 43 en base aos méritos alegados e acreditados polo aspirante (10,80 puntos por 18 meses), resulta correcta. Segundo a certificación de RRHH de data 25/11/2024 (Exp 45609-220), Rodríguez Fernández traballou como Axudante de oficios, equipárase a Axudante Mantemento segundo a guía de funcións, do 06/05/2013 ao 05/11/2013 (6 meses), do 26/09/2016 ao 25/03/2017 (6 meses), e do 02/07/2018 ao 01/01/2019(6 meses), total 18 meses.

- Acordo: Desestimar a reclamación presentada por RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, G (**5235**), con Doc. Nº 240387762, data presentación 12/12/2024.

- **CAYO GONZÁLEZ, M (DNI ***5980**):**

Reclamación ao Proceso nº 42 ORDENANZA PORTEIRO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA- E (Exp. 43796-220), Doc. nº 240388482-240388680, data presentación 12/12/2024.

- Alega: Solicita revisión da puntuación que lle foi concedida polo mérito académico, cursos formación, ao non estar conforme. Solicita que se cumpran as bases e non se valoren méritos alegados polos aspirantes fora de prazo.

- Motivación da proposta: Desestimar motivos 1º- 7º.

Revisada a puntuación que lle foi concedida no Proceso nº 42 en base aos méritos alegados e acreditados polo aspirante, resulta correcta. O tribunal valorou 10 horas de formación por cursos impartidos polo Concello de Vigo.

- Acordo: Desestimar a reclamación presentada por CAYO GONZÁLEZ, M (DNI ***5980**), con docs. nº 240388482-240388680, data presentación 12/12/2024.

- **TATO PÉREZ, J (DNI ***9713**):**

Reclamación ao Proceso nº 42 ORDENANZA PORTEIRO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA- E (Exp. 43796-220), Doc. nº 240388187, data presentación 12/12/2024.

- Alega: Solicita revisión da puntuación que lle foi concedida (0 puntos) polo mérito profesional, servizos prestados no concello de Vigo, ao non estar conforme. Solicita que se lle puntúen os servizos realizados durante 36 meses (21,60 puntos). Achega vida laboral. Entende que a solicitude presentada en data 18/03/2024 xa constitúe unha declaración xurada dos méritos alegados, sendo suficiente para acreditarlos mesmos.

- Motivación da proposta: Desestimar motivos 1º- 2º. Revisada a puntuación que lle foi concedida no Proceso nº 42 en base aos méritos alegados e acreditados polo aspirante, resulta correcta. Este aspirante nin alega (na relación de méritos) nin acredita (con declaración xurada ou certificación), ter traballado no Concello de Vigo como Ordenanza Porteiro polo que non cabe puntuar dito mérito profesional (MOTIVO 1º-2º).

- Acordo: Desestimar as reclamacións presentadas por TATO PÉREZ, J (DNI ***9713**), con doc. Nº Doc. nº 240388187, data presentación 12/12/2024.

- **RODRÍGUEZ PRIETO, S (DNI ***7120**):**

Reclamación ao Proceso nº 42 ORDENANZA PORTEIRO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA- E (Exp. 43796-220), Doc. nº 240387944, data presentación 12/12/2024.

- Alega: Solicita revisión da puntuación que lle foi concedida (10,80 puntos) polo mérito profesional, servizos prestados no concello de Vigo, ao non estar conforme. Solicita que se lle puntúen os servizos realizados durante 9 meses como operario peón.

- Motivación da proposta: Desestimar motivos 1º- 3º. Revisada a puntuación que lle foi concedida no Proceso nº 42 en base aos méritos alegados e acreditados polo aspirante, resulta correcta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 11 de 18
44806-220	CSV: A4ADC2-588F36-D2D2CF-WX2JXP-DE6EZM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Acordo: Desestimar a reclamación presentada por RODRÍGUEZ PRIETO, S (DNI ***7120**), con doc. N° Doc. n° 240387944, data presentación 12/12/2024.

• **PÉREZ BARREIRO, G (DNI ***5984**):**

Reclamación ao Proceso n° 42 ORDENANZA PORTEIRO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA- E (Exp. 43796-220), Doc. n° 240387525-240388093, data presentación 12/12/2024.

- Alega: Solicita revisión da puntuación que lle foi concedida (0 puntos) polo mérito profesional, servizos prestados no concello de Vigo, ao non estar conforme. Solicita que se lle puntúen os servizos realizados como subalterno dende principios de abril de 2019 ata a actualidade.

- Motivación da proposta: Desestimar motivos 1º- 2º. Revisada a puntuación que lle foi concedida no Proceso n° 42 en base aos méritos alegados e acreditados polo aspirante, resulta correcta.

- Acordo: Desestimar a reclamación presentada por PÉREZ BARREIRO, G (DNI ***5984**), con doc. N° 240387525-240388093, data presentación 12/12/2024.

• **ROCA BARCIA, A (DNI ***3269**):**

Reclamación ao Proceso n° 42 ORDENANZA PORTEIRO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA- E (Exp. 43796-220), Doc. n° 240388120-240388155, data presentación 12/12/2024.

- Alega: Solicita a revisión da puntuación que lle foi concedida polo mérito académico, titulacións académicas superiores á esixida ao ter aprobado as probas de acceso para maiores á Universidade, sendo equivalente ao título de bacharelato. Solicita se lle concedan 5 puntos a mais neste mérito académico.

Solicita se proceda á revisión das puntuacións que se lle concedeu ás aspirantes Rodríguez Prieto, S (DNI ***7120**) e Pérez Bande, E (DNI ***2116**) no proceso 42 polo mérito profesional, servizos prestados no Concello de Vigo. Entende que estas dúas aspirantes traballaron como operario-peón durante o período do 09/03/2022 ao 09/12/2022, polo que non cabe puntuar ese período temporal. Tamén solicita que non se lle conceda puntuación a estas dúas aspirantes polo período comprendido entre o 06/03/2023 e o 01/03/2024 no que traballaron como subalternas ao non respectarse o período de carencia de 9 meses que debe existir entre interinaxes.

- Motivación da proposta: Procede concederlle a ROCA BARCIA 5 puntos polas probas de acceso para maiores á Universidade (Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño), posto que se equiparan ao título de bacharelato (15 puntos + 5 = 20 puntos por este mérito académico, titulacións académicas superiores á esixida).

Con respecto á aspirante Rodríguez Prieto, S (DNI ***7120**), o período do 09/03/2022 ao 09/12/2022, segundo consta na certificación de data 19/11/2024 (Exp 45609-220) emitida por RRHH, non ten sido puntuado posto que consta que traballou nese período temporal como operario-peón.

Con respecto á aspirante Pérez Bande, E (DNI ***2116**), o período do 09/03/2022 ao 09/12/2022, segundo consta na certificación de data 19/11/2024 (Exp 45609-220) emitida por RRHH, ten sido puntuado posto que consta traballado como Ordenanza Porteiro. Non obstante, segundo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de 07/03/2022, conséntase que nomeáronse funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas a 27 operarios-peóns por un período máximo de nove meses para o servizo de educación (exp. 39414/220). Entre estes 27 operarios-peóns figuran Rodríguez Prieto, S (DNI ***7120**) e Pérez Bande, E (DNI ***2116**) que foron sacadas da listaxe de reserva de persoal subalterno ao terse esgotado a listaxe de reserva da categoría operario/a peón.

Polo exposto, segundo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de 07/03/2022 foron nomeadas funcionarios/as interinos/as na categoría profesional operario-peón por 9 meses polo que procede retirarlle a Pérez Bande, E (DNI ***2116**) a puntuación concedida por ese período pasando de 34,80 puntos a 31,20 puntos (52 meses traballados de Ordenanza porteiro x 0,60) por servizos prestados no Concello de Vigo. Isto tamén debe conectarse coa declaración xurada aportada por Pérez Bande coa instancia no mes de marzo de 2024, onde ela mesma recoñecía que eses período (09/03/2022 ao 09/12/2022) traballouno como operario-peón.

Asemade Roca Barcia, A. tamén solicita que non se lle conceda puntuación a estas dúas aspirantes polo período comprendido entre o 06/03/2023 e o 01/03/2024 no que traballaron como subalternas ao non respectarse o período de carencia de 9 meses que debe existir entre interinaxes. Con respecto a esta cuestión, está acreditado que o traballo foi realizado coa categoría de Ordenanza Porteiro polo que debe ser valorado. Outra cuestión é se devanditos nomeamentos se axustaron á legalidade ao non respectar ese período de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 12 de 18
44806-220	CSV: A4ADC2-588F36-D2D2CF-WX2JXP-DE6EZM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

carencia que invoca o Sr. Roca, cuestión esta que non cabe valorar neste intre procedimental ao ter carácter de actos firmes e consentidos ao non ter sido impugnados no seu momento.

- Acordo: Estimar parcialmente a reclamación presentada por ROCA BARCIA, A (DNI ***3269**), con doc. N° 240388120-220/ 240388155-220, data presentación 12/12/2024, no sentido de concederlle 5 puntos a mais (15 +5 = 20) polo mérito académico titulación superior á esixida para o acceso ao posto e retirarlle a Pérez Bande, E (DNI ***2116**) a puntuación concedida polo período do P09/03/2022 ao 09/12/2022, pasando Pérez Bande, E , no proceso 42, no mérito profesional servizos prestados no Concello de Vigo de 34,80 puntos a 31,20 puntos (por 52 meses traballados de Ordenanza Porteiro x 0,60).

PROCESO 42 – ORDENANZA PORTEIRO/A

ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZOS PRESTADOS NO CONCELLO VIGO E O.A	SERVIZOS PRESTADOS NOUTRAS ADM. PÚBLICAS	TOTAL MÉRITOS PROFES.	TITULAC ACADEM. OFICIAL SUP. AO NIVEL	CURSOS	SUPERAR PROCESO SELECTIVO SEN PRAZA	TOTAL MÉRITOS ACADEM.	TOTAL MP+MA	CELGA
PÉREZ BANDE, E (DNI ***2116**)	31,20	0	31,20	5	40	10	40	71,20	SI

- **RAMOS GARCÍA, F (DNI ***9888**)**

Reclamación ao Proceso n° 43 AXUDANTE MANTEMENTO - LABORAL FIXO - E (Exp. 43797-220) , Doc. N° 240388067, data presentación 12/12/2024.

- Alega: Non está conforme coa puntuación que se lle concedeu por méritos académicos, cursos de formación. Solicita que se lle puntúen os cursos de formación impartidos por ARAG, Cía Internacional de Seguros e Reaseguros, S.A.

- Motivación da Proposta: Desestimar – MOTIVO 1°-7°.

- Acordo: Desestimar a reclamación presentada por RAMOS GARCÍA, F (DNI ***9888**), con doc. N° 240388067, data presentación 12/12/2024.

- **FERNÁNDEZ GIL, A (DNI ***5700**)**

Reclamación ao Proceso n° 42 ORDENANZA PORTEIRO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA- E (Exp. 43796-220), Doc. n° 240388624, data presentación 12/12/2024.

-Alega: Que as prazas sexan asignadas aos que teñen aprobados procesos selectivos sen praza e se exclúan a todos/as os/as que xa ostentan a condición de funcionario de carreira ou laboral indefinido en calquera administración.

- Motivación da Proposta: Desestimar – MOTIVO 1°.

- Acordo: Desestimar a reclamación presentada por FERNÁNDEZ GIL, A (DNI ***5700**), con doc. N° 240388624, data presentación 12/12/2024.

- **CIGES REGUEIRO, M. P (DNI ***5408**)**

Reclamación ao Proceso n° 42 ORDENANZA PORTEIRO/A - FUNCIONARIO/A DE CARREIRA- E (Exp. 43796-220), Doc. n° 240388724, data presentación 12/12/2024.

-Alega: Non está conforme coa puntuación que se lle concedeu polo mérito profesional, servizos noutras Administracións Públicas (48,90 puntos por 163 meses traballados). Reclama 166 meses.

- Motivación da Proposta: Desestimar – MOTIVO 1°- 4°-11°

Revisada a valoración deste aspirante resulta correcta: 13 anos e 7 meses (163 meses x 0,30 mes = 48,90 puntos) como subalterno segundo certificación da Consellería de Cultura, Educación da Xunta de Galicia de data 20/03/2024.

- Acordo: Desestimar a reclamación presentada por CIGES REGUEIRO, M. P (DNI ***5408**), con doc. N° 240388724, data presentación 12/12/2024.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 13 de 18
44806-220	CSV: A4ADC2-588F36-D2D2CF-WX2JXP-DE6EZM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- **VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, J (DNI ***3241**)**

Reclamacións ao Proceso nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO - LABORAL FIXO - E (Exp. 43797-220) , Doc. Nº 240388729, data presentación 12/12/2024.

-Alega: Non está conforme coa puntuación que se lle concedeu polo mérito profesional, servizos prestados no Concello de Vigo (03,60 puntos por 6 meses traballados).

- Motivación da Proposta: Desestimar – MOTIVO 1º- 3º

Revisada a valoración deste aspirante resulta correcta: 6 meses como Axudante de Oficios do 02/03/2015 ao 01/09/2015 segundo consta na certificación de RRHH de 16/03/2022.

- Acordo: Desestimar a reclamación presentada por VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, J (DNI ***3241**), con doc. Nº 240388729, data presentación 12/12/2024.

MOTIVOS DE DESESTIMACIÓN OU ESTIMACIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS

MOTIVO 1º.- As bases do concurso de méritos constitúen a norma reguladora do proceso. A presentación de solicitude de participación no proceso selectivo implica a plena aceptación e sen condicións das bases que rexen o mesmo.

O art. 15 apartados 4 e 5 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso, establece: “4. Las bases de las convocatorias vinculan a la Administración y a los Tribunales o Comisiones Permanentes de Selección que han de juzgar las pruebas selectivas y a quienes participen en las mismas. 5. Las convocatorias y sus bases, una vez publicadas, solamente podrán ser modificadas con sujeción estricta a las normas de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común”.

Unha vez aprobadas e publicadas as bases, constitúen a norma reguladora do proceso. Deste xeito, sendo as bases da convocatoria as regras do xogo que van a obrigar a todos/as os/as participantes e á propia Administración, o momento da súa impugnación debe ser, con carácter xeral, o da formulación de ditas normas, a fin de que de xeito anticipado se resolvan as eventuais cuestións de legalidade e, no caso de non impugnación, o proceso se desenvolva conforme ás bases aceptadas de xeral aplicación. Por outra banda, cabe afirmar que tampouco concorre causa de nulidade de pleno dereito sobre as mesmas que vulnere dereito fundamental algún que permita unha excepcional e extemporánea impugnación das bases neste intre procedemental.

A Base Xeral deste concurso (BOPPO nº 249, 30 de decembro de 2022), Vid. Anexo II -Base Quinta-, apartado 2º, dispón que “a presentación de solicitude de participación no proceso selectivo implica a plena aceptación e sen condicións das bases que rexen o proceso de selección”. Así pois, os/as aspirantes que non estaban de acordo coas bases deberon impugnalas trala súa aprobación, cosa que non aconteceu, por canto deveñen firmes.

O principio de que as bases da convocatoria constitúen a lei do concurso ten sido reiterado continuamente pola xurisprudencia. Este principio está recoñecido pola xurisprudencia máis antiga do Tribunal Supremo: SSTS de 25 de febreiro, 1, 21 e 27 de maio e 2 de xullo de 1946, 8 e 28 de marzo, 5, 8 e 9 de xullo de 1947 e 9 de xuño de 1948. Esta doutrina tense mantido invariable ao longo dos anos ata nosos días (SSTS de 3 de xullo de 1984, 12 de xuño de 1991, 7 de abril de 2006 e 27 de maio de 2010, por citar só algunhas). Do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 14 de 18
44806-220	CSV: A4ADC2-588F36-D2D2CF-WX2JXP-DE6EZM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

mesmo xeito os Tribunais Superiores de Xustiza das Comunidades Autónomas tamén teñen feito súa esta doutrina dende a súa creación e son numerosas as sentenzas que ditadas neste sentido. Por exemplo, a STSJ de Cataluña núm. 156/2010, de 11 de febreiro (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección Cuarta, recurso de apelación núm. 270/2007).

**MOTIVO 2º.- Acreditación do mérito profesional alegado “Servizos prestados no Concello de Vigo”:
Mediante declaración xurada-responsable ou certificación.**

A Base Xeral deste concurso de méritos (BOPPO nº 249, de 30 de decembro de 2022), vid. Anexo II -Base Quinta-, onde se regula o contido da solicitude de participación, establece que debe achegarse coa mesma unha *“relación dos méritos alegados e copia simple da documentación acreditativa dos mesmos. Só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes”*.

Este apartado das Bases debe poñerse en relación coa Base Décima.1º que indica como se acreditan os servizos prestados (méritos profesionais) no Concello de Vigo e no ámbito doutras Administracións Públicas. Dispón que os méritos profesionais se acreditarán con certificación expedida polo órgano competente da Administración Pública correspondente, non obstante, establece que, como excepción, se o mérito que se alega é ter servizos prestados no Concello de Vigo, bastará con facelo constar en *“declaración xurada”* que se presentará xunto coa solicitude e na cal figure a data ou datas de inicio e finalización dos servizos ao Concello e o departamento, servizo ou unidade na que se prestaron.

Cómpre distinguir entre alegar un mérito e xustificalo documentalmente. A relación de méritos serve unicamente para alegar o mérito pero debe xustificarse documentalmente, ben coa declaración xurada/responsable ou con certificación, dentro do prazo de presentación de instancias que finalizou o pasado 21/03/2024. Deste xeito as xustificacións documentais presentadas fora de prazo, concretamente co escrito de reclamación ás puntuacións agora publicadas, non poden ser tidas en conta por extemporáneas.

O art 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), dispón que declaración responsable é o documento subscrito por un interesado no que este manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para su desenvolvemento.

Asemade, tampouco cabe partindo do art 53.1.d) da LPAC, que regula os dereitos do interesado no procedemento administrativo, alegar o dereito a non presentar datos e documentos non esixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate, que xa se atopen en poder das Administracións Públicas o que teñan sido elaborados por estas. E non cabe dito argumento xa que a norma aplicable ao procedemento, que son as Bases, obrigan claramente a presentar ben declaración xurada ou ben certificación.

Sentada esta premisa, ¿poderíase solicitar á Área de Recursos Humanos do Concello de Vigo que, tras finalizar o prazo de presentación de instancias do concurso que aconteceu o 21/03/2024, certificara os servizos prestados neste Concello con relación aos aspirantes que tan só os alegaron na relación de méritos pero non os acreditaron documentalmente coa declaración xurada? A resposta a esta pregunta debe ser negativa, pois de non ser así estaríase outorgando un trato de favor con relación a aqueles aspirantes que teñen alegado na relación de méritos, pero non os acreditaron con certificación, servizos prestados noutras Administracións Públicas distintas ao Concello. Consecuentemente, tamén teríamos que solicitar a esas Administracións a remisión dos certificados por servizos prestados nelas, o que, sen dúbida, supón unha vulneración directa e grave das bases.

Considerando o exposto, o mérito profesional- servizos prestados no Concello de Vigo- ten sido valorado polo órgano de selección TRIBUNAL 3, do mesmo xeito a todos/as aspirantes participantes en tódolos procesos encomendados a este Órgano de Selección (Procesos 21-22-23-24-25-26-27-28-29-30-31-32-33-34-35-36-37-38-39-40-41-42 e 43) respectando o principio constitucional de igualdade (art 14 CE).

As reclamacións desestimadas por este MOTIVO 3º obedecen a que o/a aspirante non acreditou documentalmente o mérito profesional -servizos prestados no Concello de Vigo- coa declaración xurada/responsable ou con certificación, dentro do prazo de presentación de instancias que finalizou o pasado 21/03/2024.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 15 de 18
44806-220	CSV: A4ADC2-588F36-D2D2CF-WX2JXP-DE6EZM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

MOTIVO 3º.- Mérito profesional “Servizos prestados no Concello de Vigo”: Servizos que se valoran.

A Base Xeral Décima 1.a), apartado Méritos Profesionais, concepto Servizos prestados no Concello de Vigo, só permite puntuar os servizos cando foron prestados no propio corpo, escala, subescala ou categoría á que se desexa acceder.

Consecuentemente non cabe puntuar servizos prestados nun posto de traballo pertencente a un grupo ou subgrupo diferente ao que se desexa acceder. Tampouco cabe valorar os servizos prestados nun posto de traballo que, aínda que pertenza ao mesmo grupo ou subgrupo, estea configurado no cadro de persoal con praza diferente e teña asignadas na guía de funcións de 26/06/2020, funcións diferentes e propias ás asignadas á praza a que se desexa acceder. Lémbrese que estamos nun proceso de estabilización de emprego temporal que se realiza por mandato da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Entendese por servizos prestados, segundo consta na Base Xeral Décima 1, os que derivan dunha contratación laboral temporal ou da condición de persoal funcionario interino, polo que non procede valorar os servizos prestados como funcionario eventual.

Outórgase 0,60 puntos por cada mes completo de servizos prestados con vinculación temporal, ata un máximo de 60 puntos. Non se valoran as fraccións de mes, entendendo un mes por 30 días naturais.

MOTIVO 4º.- Mérito profesional “Servizos prestados no ámbito doutras Administracións”: Servizos que se valoran.

O/a aspirante acredita prestar servizos no ámbito doutras Administracións Públicas noutro corpo, escala, subescala ou categoría diferente á que desexa acceder. A Base Xeral Décima 1.B), aplicable a este proceso, publicadas no BOPPO nº 249, de 30 de decembro de 2022, establece que só se puntuarán servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas no propio corpo, escala, subescala ou categoría á que se desexa acceder. Non se valoran os servizos prestados como persoal funcionario eventual, sendo valorados os que derivan dunha contratación laboral temporal ou da condición de persoal funcionario interino, sempre que teñan sido prestados no propio corpo, escala, subescala ou categoría á que se desexa acceder.

MOTIVO 5º.- Procede valorar o mérito académico, titulacións académicas oficiais superiores ao nivel de titulación requirido para o acceso ao proceso selectivo (Base Xeral Décima. 2 a).

O/a aspirante achegou coa súa instancia o título académico oficial correspondente segundo establece a Base Xeral Décima.2.a), que erróneamente non foi tido en conta polo Órgano de Selección na valoración dos méritos alegados e acreditados polo aspirante no prazo regulamentario.

MOTIVO 6º.- Procede valorar o mérito académico, cursos de formación (Base Xeral Décima. 2 b).

O/a aspirante achegou coa súa instancia o/os diplomas pertinentes que erróneamente non foron tidos en conta polo Órgano de Selección na valoración dos méritos alegados e acreditados polo aspirante no prazo regulamentario.

MOTIVO 7º.- Non procede valorar o mérito académico, cursos de formación (Base Xeral Décima. 2 b).

O curso/s que o/a aspirante reclama que se lle puntúe non cumpre cos requisitos establecidos na Base Xeral Décima 2ª, méritos académicos, cursos de formación (vid. BOPPO nº 249 de 30/12/2022) ben por non estar impartidos ou recibidos por Administracións Públicas ou homologados, ou por outras entidades do sector público, ou por non estar impartidos no ámbito da formación para o emprego ou dentro dos acordos de formación continua, cuxo contido de estar directamente relacionado coas funcións propias da praza da convocatoria.

Ou ben estando impartidos ou recibidos por Administracións Públicas ou homologados, ou por outras entidades do sector público, ou impartidos no ámbito da formación para o emprego ou os acordos de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 16 de 18
44806-220	CSV: A4ADC2-588F36-D2D2CF-WX2JXP-DE6EZM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

formación continua, o seu contido non está directamente relacionado coas funcións propias da praza da convocatoria, nin supón formación de carácter transversal.

MOTIVO 8º.- Acreditación do mérito académico alegado “Haber superado un proceso selectivo completo de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou nos seus Organismos Autónomos en prazas do mesmo corpo, escala, subescala ou categoría á convocada, sen haber obtido praza”: Mediante declaración xurada-responsable ou certificación.

Non se valoran procesos selectivos aprobados noutras Administracións Públicas, deben ser no Concello de Vigo e ter todos os exercicios aprobados.

A Base Xeral deste concurso de méritos (BOPPO nº 249, de 30 de decembro de 2022), vid. Anexo II -Base Quinta-, onde se regula o contido da solicitude de participación, establece que debe achegarse coa mesma unha *“relación dos méritos alegados e copia simple da documentación acreditativa dos mesmos. Só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes”*.

Este apartado das Bases debe poñerse en relación coa Base Décima. 2º. c) que indica como se acreditan ter superado procesos selectivos. Dispón que este mérito académico se acreditará, dentro do prazo de presentación de instancias, con declaración xurada que se presenta coa solicitude.

Cómpre distinguir entre alegar un mérito e xustificalo documentalmente. A relación de méritos serve unicamente para alegar o mérito pero debe xustificarse documentalmente con declaración xurada ou certificación.

Neste motivo 8º debe darse por reproducida a fundamentación exposta no motivo 2º.

MOTIVO 9º.- Acreditación do mérito profesional alegado “Servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas no propio corpo, escala, subescala ou categoría á que se desexa acceder”: Mediante certificación expedida polo órgano competente da Administración Pública correspondente. O/a aspirante non acreditou documentalmente o mérito profesional -servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas coa certificación debidamente cumprimentada dentro do prazo de presentación de instancias que finalizou o pasado 21/03/2024.

A Base Xeral deste concurso de méritos (BOPPO nº 249, de 30 de decembro de 2022), vid. Anexo II -Base Quinta-, onde se regula o contido da solicitude de participación, establece que debe achegarse coa mesma unha *“relación dos méritos alegados e copia simple da documentación acreditativa dos mesmos. Só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes”*.

Este apartado das Bases debe poñerse en relación coa Base Décima. 1º que indica como se acreditan os servizos prestados (méritos profesionais) no Concello de Vigo e no ámbito doutras Administracións Públicas. Dispón que os méritos profesionais “Servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas” se acreditarán con certificación expedida polo órgano competente da Administración Pública correspondente, na que deberá figurar, como mínimo: a administración pública, o vínculo o réxime xurídico, o posto o praza desempeñado, o corpo, escala, subescala ou categoría, a porcentaxe de xornada e o cómputo total de días, meses e anos traballados.

Cómpre distinguir entre alegar un mérito e xustificalo documentalmente. A relación de méritos serve unicamente para alegar o mérito pero debe xustificarse documentalmente con certificación.

As reclamacións desestimadas por este MOTIVO 9º obedecen a que o/a aspirante non acreditou documentalmente o mérito profesional -servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas no propio corpo, escala, subescala ou categoría á que se desexa acceder- coa certificación debidamente cumprimentada dentro do prazo de presentación de instancias que finalizou o pasado 21/03/2024. As vidas laborais non se admiten para acreditar méritos profesionais segundo as bases.

MOTIVO 10º.- Non cabe puntuar un mérito non alegado dentro do prazo de presentación de solicitudes.

A Base Xeral deste concurso de méritos (BOPPO nº 249, de 30 de decembro de 2022), vid. Anexo II -Base Quinta-, onde se regula o contido da solicitude de participación, establece que debe achegarse coa mesma



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 17 de 18
44806-220	CSV: A4ADC2-588F36-D2D2CF-WX2JXP-DE6EZM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

unha “relación dos méritos alegados e copia simple da documentación acreditativa dos mesmos. Só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes”.

Dito prazo finalizou en data 21/03/2024, polo que só se terán en consideración os méritos alegados e xustificadas dentro do prazo de presentación de instancias.

MOTIVO 11º.- Mérito profesional “Servizos prestados no ámbito doutras Administracións”: Non se valoran as fraccións de mes.

A Base Xeral Décima 1.B), aplicable a este proceso, publicadas no BOPPO nº 249, de 30 de decembro de 2022, establece que só se puntuarán servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas no propio corpo, escala, subescala ou categoría á que se desexa acceder. Non se valoran os servizos prestados como persoal funcionario eventual, sendo valorados os que derivan dunha contratación laboral temporal ou da condición de persoal funcionario interino, sempre que teñan sido prestados no propio corpo, escala, subescala ou categoría á que se desexa acceder.

Outórgase 0,30 puntos por cada mes completo de servizos prestados con vinculación temporal, ata un máximo de 60 puntos. Non se valoran as fraccións de mes, entendendo un mes por 30 días naturais.

A SECRETARIA DO ÓRGANO
Asdo: Rosa Ana Garcinuño Barreiro

(Data e sinatura dixital
ao dorso)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/01/2025 13:58	Páxina 18 de 18
44806-220	CSV: A4ADC2-588F36-D2D2CF-WX2JXP-DE6EZM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		